



FICHA RESUMO

CM 410A 2011/6-5

Ano	2011
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES "A PASTORIZA" VILANOVA DE AROUSA
Plan explotación⁽¹⁾	POLIKUETOS
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA

Especies	<i>Diopatra neapolitana</i>
Ámbito do plan	De Rego do Alcalde ata Regato de Aduana
Subzonas de explotación	As Sinas (AR-0099) Con Grande (AR- 010) Carballas (AR-001) Negrenlas (AR-008)

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
	4	8

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		66									
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ do 16 de marzo ao 31 de outubro.											
Modalidade⁽³⁾: MERGULLO EN APNEA											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
		X	X	X	X	X	X	X	X		

Cotas máximas de captura	
Especies	(Individuos/mergullador/día)
<i>Diopatra neapolitana</i>	500

Artes a empregar	Mergullo en apnea.
-------------------------	--------------------

Puntos de control	Embarcación na zona de traballo e na lonxa de Vilanova
Puntos de venda	Lonxa de Vilanova

Outras consideracións⁽⁹⁾
Participantes:
Este plan aprobábase por primeira vez para o ano 2011, e tendo en conta as condicións de seguridade nas que se desenvolve o mergullo así como para optimizar o desenvolvemento da extracción considérase conveniente aprobar o plan con 4 embarcacións con 2 mergulladores cada unha. As embarcacións serán seleccionadas de conformidade co baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños. Os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergulladore en vigor para poder traballar no plan de explotación.



Calendario de extracción: De acordo co establecido no artigo 7º da orde de 6 de febreiro de 2008, pola que se regula a extracción de poliquetos, vermes mariños para cebo, no litoral de Galicia, fíxase unha veda para a extracción de poliquetos do 1 de novembro ao 15 de marzo, salvo que a Dirección Xeral de Recursos Mariños modifique dito prazo. Por outra banda, a extracción de poliquetos poderá realizarse tódolos días laborables, agás os sábados e no horario autorizado pola normativa vixente.

Se se levantan ou removen substrato ou pedras, deberán volverse a colocar na posición orixinal para evitarlles danos aos organismos epibiontes.

Arte autorizada: De acordo coa Orde de 6 de febreiro de 1998, na modalidade de mergullo só poderá realizarse a extracción de poliquetos a man, podendo axudarse cunha panca.

Plan de seguridade: O plan de seguridade deberá ser aprobado pola autoridade marítima correspondente coa primeira solicitude de apertura para o ano 2011.

Remisión de datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, polo que deberán remitir regularmente a información necesaria para o seguimento da explotación ao departamento territorial da Consellería do Mar de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Deberán achegar a seguinte documentación antes do inicio da actividade neste plan:

- Documento acreditativo da aprobación do plan polos órganos de goberno correspondentes
- Documento que acredite que a aprobación deste plan non entrará en conflito co desenvolvemento da actividade doutros colectivos dentro da confraría e na zoa solicitada.